

Contexto do Renacemento (cunha síntese do seguinte é suficiente)

Simbolicamente considérase o **descubrimiento de América** (1492) como o fin da Idade Media. Aínda que só se trata dunha data simbólica, este acontecemento supón notables cambios, coma a evidencia de que **os avances técnicos**, coma o compás ou os instrumentos ópticos, **permiten cambios fundamentais na vida e na comprensión do mundo** que teñen os seres humanos. Ademais, introduce elementos relativistas e subxectivistas no panorama europeo ao facer patente que existen formas de vida moi diferentes ás coñecidas pero que poden dar lugar igualmente a persoas virtuosas (mito do bo salvaxe, propagado na Modernidade e na Ilustración).

Por outra banda, a irrupción da **Reforma Protestante** a partir de 1517 abrirá un clima de división relixiosa en Europa, que será secundado por un escenario de **división política entre católicos e protestantes**. A culminación deste enfrontamento represéntaa a **Guerra dos 30 anos** (1618-1648), na que participará Descartes e que enfronta ás principais potencias europeas dentro do Sacro Imperio Romano Xermánico. Trátase dunha guerra de consecuencias desastrosas e gran devastación, que causará un forte trauma no espírito da época.

No eido económico, o século XIV provocara unha crise a causa de distintos elementos adversos, como pestes, cambios climáticos e malas colleitas sucesivas. Pero, ademais das consecuencias negativas, isto produciu que os superviventes acumulasen capital a través de herdanzas e outras formas patrimoniais. Ao mesmo tempo, altéranse significativamente os prezos e vólvense inestables, provocando que a renda da terra que percibe a nobreza se torne insegura á vez que o factor traballo, agora escaso, incrementa o seu valor. Isto provoca que no mundo urbano xurda unha clase social capaz de entender a situación e sacar proveito dela mediante o comercio. A situación é especialmente clara nas cidades suxeitas á Hansa (1356-1862), federación comercial do norte de Europa, en cuxos burgos se desenvolve rapidamente o comercio e as finanzas (banca). Os séculos vindeiros verán á **burguesía gañarlle terreo á nobreza** ata desbancala por completo nas grandes revolucións do período Ilustrado.